

LA HABITACIÓN DE AL LADO

1392

Pedro Almodóvar, 2024

ESTREA EN NUMAX: 18.10.2024 | V.O.S.E. | +12 | 107 min

Ingrid (Julianne Moore) e Martha (Tilda Swinton) foron moi amigas na súa mocidade. Ambas traballaban na mesma revista, pero Ingrid acabou convertida en novelista de autoficción e Martha en reporteira de guerra. As circunstancias da vida separáronas e, despois de moitos anos sen ter contacto, volven atoparse nunha situación extrema, pero estrañamente doce.

«Non só me parece un dos grandes filmes de Almodóvar, senón tamén o máis esplendoroso visualmente.

Unha obra mestra. E punto»

Jaime Pena, CAIMÁN CUADERNOS DE CINE



Entrevista con Pedro Almodóvar: «Tiven a Ingmar Bergman moi presente no filme»

Por Ianko López

La habitación de al lado céntrase nunha muller que, enfrontada á inminencia da súa propia morte, require a compañía de unha amiga nos seus últimos días. Hai 40 anos *Matador* (1986) xa trataba sobre a morte e a súa relación co sexo. Despois fixo outra dúas películas crepusculares onde volvían a aparecer estes temas, *Hable con ella* (2002) e *Dolor y gloria* (2019). Cre que existe unha liña que une as catro? Con *Matador* díxennme que quería facer unha película sobre a morte, a ver que saía. Alí a morte formaba parte do pracer sexual. Foi moi difícil falar dela, porque todo o que alí pasa ten uns nomes moi duros desde o punto de vista psiquiátrico. Fíxena desde unha visión xuvenil. No caso de *La habitación de al lado*, non quería que fose lóbrega, nin dura de ver, non quería facer algo tipo Haneke. Aínda que Martha, o personaxe de Tilda, encarna outro problema que tamén temos no mundo, que é a lei de eutanasia. En España non se está aplicando todavía con absoluta liberdade para quen a solicita. Porque se impide desde o momento en que interveñen avogados e xuíces fundamentalistas.

Quizá Haneke non estea, pero si Bergman. Por suposto, por *Persona* (1966) e *Berros e susurros* (1972). Pero, ademais, a caracterización de Swinton fíxome pensar na de Max Von Sydow como o cabaleiro que xoga ao xadrez coa morte n'*O sétimo selo* (1957). A Bergman tíñao totalmente en mente. Non é que eu queira medirme con el, pero si que está presente na película. De feito, se non se tivera feito antes *A illa de Bergman* (2021), de Mia Hansen-Løve, teríase rodado alí, na illa de Fårö. También pensei en John Huston. Lembro as fotos de cando dirixiu súa última película, *Dublineses* (1987), cun goteiro posto. Cando vin esa imaxe, pensei en cando eu teña que facer a miña última película.

En *Cuál es tu tormento*, o libro de Sigrid Nunez no que se basea o guión, suxírese que traer novas xeracións a este mundo a piques de estoupar pode ser unha decisión irresponsable. Nunha escena chave da película os personaxes de Julianne Moore e John Turturro expresan posturas enfrontadas. Con cal se identifica? Iso é textual do libro. Damien fala sobre o mundo actual, onde a ultradereita e o neoliberalismo aúnan forzas, ao que se suma a ameaza do cambio climático. Ao min o que me importa é a viaxe de Ingrid fronte á morte, que ao principio non logra aceptar. Eu creo que ao final é unha muller que convive coa morte da súa amiga nun mundo que también está agonizando, pero con todo existe a posibilidade de vivilo cada momento.

Cre entón que o feito de dar vida é xustificación suficiente para procrear máis seres nun mundo en crise? Nos anos setenta, a época en que eu era bisexual, cando tiña unha aventura cunha muller tiña moito coidado de evitar o embarazo, porque rexeitaba totalmente a idea de traer un novo ser a un mundo que para min xa estaba cheo de inxustiza. E, con todo, aos 40 cando a miña vida non era xa bisexual, senón soamente homosexual, e por tanto xa non tiña ocasión de procrear un novo ser, tiven moita envexa do meu irmán por ter fillos. Igual que hai mulleres cuxa vida sería moi infeliz sen fillos, hai moitas outras que se negan a telos, e é perfectamente lícito. En España, especialmente no que chaman a España baleirada, non hai xente. Pois ese problema enorme que parece que temos coa inmigración, en lugar dun problema debería ser unha solución. Eu, que nunca tiven vocación política, se puidese abriría as portas a todos os inmigrantes. Diríalles que busquen o lugar no que lles guste vivir. Pero si, creo que en procrear un fillo propio hai un xesto egoísta.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Cuál es tu tormento,
Sigrid Nunez.
Anagrama, 2021